

PREGÓN LETRAS GALEGAS 2006 – SANAMEDIO BELUSO

Veciñas, veciños, amigos e visitantes deste lugar máxico onde a palabra en forma de versos se mesturan e tinxen coa voz do amigo Johan de Cangas.

Hoxe estamos aquí coma romeiros da lingua por mor do reclamo dunha Asociación preocupada polo social e cultural; polo PROGRESO con maiúsculas.

*Queremos sumarnos nesta IX Romaría ao homenaxe que co gallo das Letras Galegas 2006 se lle rende a **MANUEL LUGRÍS FREIRE**, pode que na distancia non lles diga moito pero se nos achegarmos un pouco vexamos nel un exemplo de vontade e compromiso coa nosa lingua e co noso país.*

Académico sería glosar a súa biografía e a súa obra, non o bou a facer neste pregón. Só dicir que o que del me chama a atención é que foi o “primeiro” ou “fundador” en moitas cousas, todas elas con referencias da cultura e Asociacionismo da Galiza do seu tempo co seu entender de home que se sentía de “esquerdas e nacionalista”:

- Primeiro xornal americano totalmente en galego “A gaita gallega”: Fundador e director .
- Primeiro en utilizar nun mitin a lingua galega (1907)
- *Primeiro autor teatral galego en utilizar a prosa.*
- Primeira *Gramática do idioma galego* escrita en galego (1922) Antes houbera unha en castelán, a de Saco y Arce.
-
- En 1904 participou na fundación da *Asociación da Prensa de Coruña* e en 1906 da *Real Academia Galega* (da que chegaría a ser presidente).
- Participou no anteproxecto do Estatuto de Autonomía (1907)
- Fundou o sindicato agrario *Solidaridad Gallega* (1907)
- Estivo na creación dunha *Hirmandade dos Amigos da Fala* (18-5-1916) que tiña como obxectivo a defensa, exaltación e fomento da lingua de Galicia, e nomea a Antón Villar Ponte Primeiro Conselleiro.
- Participou na redacción do *Partigo Galeguista*
- En 1930 participou na elaboración do programa do Partido Autonomista Republicano Agrario
- E así un longo etc... que son datos en si mesmo para unha biografía o estudo do personaxe.

Máis o que a min me gustaría sería que me permitrades voar ó redor da figura de Manuel Lugrís Freire e achegala a Bueu na paisaxe ou mellor, nas súas xentes, mostrando a relación que mantivo con persoeiros de interese para nós como buenenses.

Comezaremos polo que para min é unha das figuras senlleiras e das máis descoñecidas do Bueu de finais do século XIX, principios do XX:

VICTOR SAID ARMESTO (1871-1914) para aqueles que non o coñezades, era o “neto da Casa dos Picos”. Víctor troulou na súa infancia polos camiños da Graña, Trasouto, as praias de Bueu... chegou a ser grande home, crítico literario, orador, recompilador das nosas tradicións musicais coma ninguén, ... e o que pouca xente coñece: Foi o primeiro catedrático de Lingua e Literatura Galaico-Portuguesa nunha universidade española e un dos máis grandes valores da xeración do 14.

Pois ben, Víctor Said atópase con Manuel Lugrís na reunión preparatoria da constitución da Academia celebrada o día 4-9-1905. Acto no que interveu Víctor Said. As presentacións entre Said e Lugrís veñen da man de Curros Enríquez (lembrems que Curros prologara, na Habana, o primeiro poemario de Lugrís, *SOLIDADES*, así como tamén fora o que propuxera a Said como comisionado por Pontevedra para a creación e constitución da Real Academia Galega).

Outro persoeiro buenense relacionado con Lugrís é...:

MANUEL ANTONIO BARES GIRALDEZ (1855-1945) Irmá de Matilde Barés e sobriño de Ramón Bares. Como apertada biografía dicir que foi emigrante na Arxentina onde acadou unha moi boa posición económica e social. Autor de máis de 7 libros (o primeiro “Prosa” prologado por Curros Enríquez a petición de Said Armesto), foi fundador e primeiro director do “Banco de Galicia” de Bos Aires, (hoxe da Banca Morgan). Vicepresidente do Primeiro Centro Galego en 1884. etc.

Este buenense de pro tivo oportunidade de relacionarse co noso persoeiro Manuel Lugrís sobre todo na súa visita a Galicia do 1913 pois había algo máis que os unía que o ter un amigo común como Curros, era a súa a pertenza á masonería (Lugrís era un masón influente da loxa Suevia de A Coruña).

Polo que non é de estrañar que sexa Manuel Lugrís Freire un dos encargados de informar que D. Manuel A. Bares debe ser elixido Correspondiente da Academia, por “concorrer nel tódalas circunstancias que esixen o Estatuto da mesma”. Sendo elixido sete días máis tarde non só socio correspondente da Real Academia Galega, senón tamén Presidente da Asociación Protectora de dita Academia en Bos Aires.

Outro persoeiro que si coñeceu Lugrís, aínda que non tivo unha relación de amizade documentada, foi **JOHAN CARBALLEIRA**.

Cando Carballeira, xa xornalista, comeza a tomar conciencia e se enfrenta cos problemas da lingua cun impulso aínda non ben definido, toma posición en favor das novas xeracións e ten máis dun enfrontamento dialéctico con aqueles, como Lugrís, que

o noso xornalista considera “xa pasados”. Polo que non dubida en escribiren e nomear a figura de Lugrís para poñelo entre os que andan na poesía e na escrita na “idade do cortizo.... co dolmen e a fouciña....” (“Un libro de Amado Villar” –El Pueblo Gallego 9-3-1928)

Máis pouco a pouco, e co paso dos anos e dos acontecementos, todo volveu o seu canle pois tiñan intereses e amigos comúns (A. Bóveda, por exemplo) polo que máis adiante escribía para gabalo como cando di “Fundase a “Liga Gallega”, na Coruña con homes fervorosos como Lugrís Freire, Salvador Golpe, Carré Aldao, etc.” (“La tradición del sentimiento galleguista” –El Pueblo Gallego 25-7-1933).

Politicamente ían na mesma flota, o Partido Galeguista, pero non sempre en barcos con ventos na mesma dirección.

Quixera ir finalizando con tres pequenas puntualizacións:

1º Felicitando a á Asociación de veciños “O Progreso” de Beluso herdeira dos fins da Sociedade de Agricultores “El Progreso” (1931-36) no que atinxe non só a unha organización que defende ós veciños ante as institucións senón que ó igual que aquela promove a actividade social e cultural que encaixa coa cultura das xentes ás que serve.

2º Quero facerlle caso o noso conveciño Xosé M. Millán Otero (en “Este é o tempo de sal”) o dicir: **“e cando menos sobrevivan as palabras”**. Pois ben que esas palabras sexan neste acto a primeira estrofa de Cantiga dos amigos da fala onde Lugrís enxalza a nosa lingua:

Na fala gallega vive

A ialma da nosa terra;

A redención de Galicia

Nos seus acentos latexa.

3ª e última rematar emprazándovos, en nome propio e da Asociación O Progreso, para vindeiros encontros coma este co sentimento dun pobo que se fai grande e culto cando respecta e ama as súas raíces. E o fago coas verbas de Johan de Cangas ás que me permito engadirlle un “uve” e un “que”:

Amigo, se me queredes ben,

(v)ide a San Mamede e a(qu)í me veredes....

¡Moitas gracias!